

## 4 Dereitos económicos

- Axuda económica específica para mulleres vítimas de violencia de xénero con especiais dificultades para obter un emprego.

Art 27 de la L.O. 1/2004, de 28 de decembro.

- Renta activa de inserción.

Real Decreto 1369/2006, de 24 de novembro.

- Anticipos por impago de pensiones alimenticias.

Real Decreto 1618/2007, de 7 de decembro.

- Ingreso Mínimo Vital.

Real Decreto-lei 20/2020, de 29 de maio.

## 5 Outros dereitos

- Prioridade no acceso a vivendas protexidas e residencias públicas para maiores.

Art. 28 de la L.O. 1/2004, de 28 de decembro.

Lei 1/2013, de 14 de maio.

Real Decreto 42/2022, de 18 de xaneiro.

- Dereito á escolarización inmediata.

Art. 5 e disposición adicional 17 da L.O. 1/2004, de 28 de decembro.

- Becas e axudas ao estudo.

Real Decreto 154/2022, de 22 de febreiro.

- Particularidades do empadramento por razóns de seguridade.

Resolución do 2 de decembro de 2020, da Presidencia do INE e da Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local.

- Dereito ao cambio de apelidos ou de identidade.

Lei 20/2011, de 21 de xullo, do Rexistro Civil, modificada pola Lei 6/2021, de 28 de abril.

## EMERXENCIAS

112

APP ALERTCORP

## INFORMACIÓN

900 400 273 (24 horas, gratuito, en distintos idiomas)  
App EscApp

Teléfono 016 (24 horas, gratuito, en distintos idiomas)

Whatsapp 600 000 016

Dificultades auditivas ou fala: 900 116 016, Telesor e SVlsual.

Mail: : 016-online@igualdad.gob.es

CIM de A Coruña:

Barrio das Flores. Rúa Hortensia s/n - A Coruña

Telf. 981 184 356

Correo electrónico: cim@coruna.es

**UGT POLA ERRADICACIÓN  
DA VIOLENCIA  
CONTRA AS MULLERES**



**UGT**  **Galicia**  
A Coruña e Cee

Avda. Fernández Latorre, 27. 15006, A Coruña

**WWW.UGTCORUNA.ORG**



**UGT**  **Galicia**  
A Coruña e Cee

# VÍTIMAS VIOLENCIA DE XÉNERO

**DEREITOS LABORAIS  
SEGURIDADE SOCIAL  
DEREITOS ECONÓMICOS  
OUTROS DEREITOS**

**WWW.UGTCORUNA.ORG**

# 1 Acreditación da situación de violencia de xénero

Art 23, 26 y 27.3 da LO 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero

- Sentencia condenatoria por un delito de violencia de xénero, unha orden de protección ou calqueira outra resolución xudicial que acorde unha medida cautelar a favor da vítima.
- Informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de que a demandante é vítima de violencia de xénero.
- Mediante un informe dos servizos sociais, dos servizos especializados, ou dos servizos de acollida destinados a vítimas de violencia de xénero da Administración Pública.

# 2 Dereitos laborais

Art 21 da LO 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero

## TRABALLADORAS DA EMPRESA PRIVADA

Art. 37.8, 40.4, 45.1.n), 48.10, 49.1.m), 52.d), 53.4, 55.5 do E.T. Real Decreto-lei 28/2020, de 22 de setembro, de traballo a distancia

- Dereito á redución de xornada con diminución proporcional do salario e dereito á reordenación do tempo de traballo, a través da adaptación do horario, da aplicación do horario flexible ou doutras formas de ordenación do tempo de traballo que se utilicen na empresa.

Condições: nos termos que para estes supostos concretos se establezan nos convenios colectivos, nos acordos entre a empresa e a RLPT, ou conforme ao acordo entre a empresa e a traballadora afectada.

- Dereito á mobilidade xeográfica: a muller que se vexa obrigada a abandonar o posto de traballo na localidade onde viña prestando os seus servizos, para facer efectiva a súa protección ou o seu dereito á asistencia social integral, terá dereito preferente a ocupar outro posto de traballo, do mesmo grupo profesional ou categoría equivalente, que a empresa teña vacante en calquera outro dos seus centros de traballo.

Duración: seis meses, durante os cales a empresa terá a obriga de reservar o posto de traballo. Terminado este período, a traballadora poderá optar entre o regreso ao seu posto de traballo anterior ou a continuidade no novo. Neste último caso, decaerá a citada obriga de reserva.

- Dereito á suspensión do contrato de traballo por decisión da traballadora que se vexa obrigada a abandonar o seu posto de traballo como consecuencia de ser vítima de violencia de xénero, con reserva do posto de traballo.

Duración: 6 meses, prorrogables a petición do xuíz ou xuíza por períodos de 3 meses ata un total de 18 meses.

- Dereito a realizar o seu traballo total o parcialmente a distancia ou deixar de facelo si ese fora o sistema establecido.

Condición: a modalidade ten que ser compatible co posto e funcións.

- Dereito a que as faltas de asistencia ou de puntualidade ao traballo motivadas pola situación física ou psicolóxica derivada de la violencia de xénero, sexan consideradas como xustificadas e dereito a que non se computen aos efectos do despedimento por causas obxectivas.

- Nulidade da decisión extintiva do contrato no suposto das traballadoras vítimas de violencia de xénero polo exercicio dos dereitos de redución ou reordenación do tempo de traballo, de mobilidade xeográfica, de cambio de centro de traballo ou da suspensión da relación laboral nos términos e condicións recoñecidos no Estatuto dos Traballadores.

- Nulidade do despedimento disciplinario no suposto das traballadoras vítimas de violencia de xénero polo exercicio dos dereitos de redución ou reordenación do tempo de traballo, de mobilidade xeográfica, de cambio de centro de traballo ou da suspensión da relación laboral nos términos e condicións recoñecidos no Estatuto dos Traballadores.

## FUNCIONARIAS PÚBLICAS

Art. 24 a 26 de l L.O. 1/2004, do 28/12, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero. Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, por el que se aprueba el texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

- As faltas de asistencia totais ou parciais, serán a consideración de xustificadas polo tempo e nas condicións en que así o determinen os servizos sociais de atención ou de saúde según proceda.

- Dereito á redución de xornada con diminución proporcional do salario e dereito á reordenación do tempo de traballo, a través da adaptación do horario, da aplicación do horario flexible ou doutras formas de ordenación do tempo de traballo que sexan aplicables, nos términos que para estes supostos establezca a Administración Pública competente en cada caso.

- Dereito á mobilidade xeográfica: a muller que se vexa obrigada a abandonar o posto de traballo na localidade onde viña prestando os seus servizos, para facer efectiva a súa protección ou o seu dereito á asistencia social integral, terá dereito ao traslado a outro posto de traballo propio do seu corpo, escala ou categoría profesional, de análogas características, sin necesidade de que sexa vacante de necesaria cobertura.

- Excedencia: as funcionarias vítimas de violencia de xénero, para facer efectiva a súa protección ou o seu dereito á asistencia social integral, terá dereito a solicitar a situación de excedencia sen ter prestado un tempo mínimo de servizos previos e sen que sexa esixible prazo de permanencia na mesma.

Duración: 6 meses reserva de posto, prorrogables a petición do xuíz ou xuíza por períodos de 3 meses ata un total de 18 meses. Tempo computable para os efectos de ascensos, trienios e dereitos pasivos.

# 3 Seguridade Social

- Na prestación por nacemento: situación asimiladas ao alta dos períodos considerados como de cotización efectiva respecto das traballadoras por conta allea e propia que sexan vítimas de violencia de xénero.

- Dereito á pensión de xubilación anticipada por causa da extinción do seu contrato de traballo como consecuencia de ser vítimas de violencia de xénero, e reúnan os requisitos exixidos.

- Dereito á pensión de viudedade nos supostos de separación, divorcio ou nulidade matrimonial das mulleres vítimas de violencia de xénero que acrediten os requisitos esixidos.

- Dereito á prestación por desemprego: cando se extinga ou suspenda o seu contrato de traballo de maneira voluntaria como consecuencia de ser vítima de violencia de xénero. Debe reunir os requisitos esixidos. Real Decreto-lei 2/2024, de 21 de maio.